

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

### DISPOÑO:

**16972** REAL DECRETO LEI 13/2001, do 5 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polos episodios de choivas intensas acaecidos nos meses de febreiro e marzo de 2001 na Comunidade Autónoma de Castilla y León. («BOE» 214, do 6-9-2001.)

Desde finais do pasado mes de outubro de 2000, unha serie de fenómenos atmosféricos adversos deixaron senti-los seus efectos sobre determinadas rexións do noso país, producindo importantes danos no sector agrícola, infraestruturas e bens de titularidade pública e vivendas de particulares.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias motivaron, desde o principio constitucional de solidariedade, a aprobación polo Goberno de dous normas especiais: Real decreto lei 6/2001 e Real decreto lei 7/2001, ambos do 6 de abril, polos que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados nas comunidades autónomas de Galicia e Castilla y León polos temporais acaecidos desde os últimos días de outubro de 2000 ata finais do mes de xaneiro de 2001 e os danos causados nas provincias de Tarragona, Zaragoza, Teruel, Castellón, Valencia e Murcia, polas choivas e asolagamentos que tiveron lugar entre os días 21 e 26 de outubro de 2000, respectivamente.

A continuidade de tales fenómenos adversos máis alá das datas mencionadas, fan necesario, por aplicación dos principios de equidade e igualdade de trato, aprobar de novo e para as provincias afectadas, un conxunto de medidas concordantes coas adoptadas polos reais decretos leis mencionados, que permitan o restablecemento dos servizos e a reparación de danos producidos e favorezan a volta á normalidade das zonas sinistradas polo temporal, e que establezan asemade os procedementos para garantir, de maneira rápida e flexible, o financiamento dos gastos que se deriven das actuacións reparadoras e rehabilitadoras que se vaian executar.

O obxectivo por tanto desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan a varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois en tanto que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, tentan paliar-lo impacto nas empresas e particulares afectados.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, e dos ministros de Facenda, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de agosto de 2001,

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste Real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados na Comunidade Autónoma de Castilla y León, provincias de Burgos, León, Palencia, Valladolid e Zamora, como consecuencia das choivas e asolagamentos acaecidos nos meses de febreiro e marzo de 2001.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados, ós que concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas, serán determinados por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, por proposta do delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Castilla y León.

2. Para os efectos das devanditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

3. Os proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais ou núcleos de poboación, ós que se refiren os puntos anteriores, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e á rede viaria das deputacións provinciais, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, podendo serlles concedidos polo Estado unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

### Artigo 2. *Danos nas restantes infraestruturas públicas.*

Facúltase os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia, para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes deles, no ámbito das súas competencias, poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que vaian executar tales departamentos para repara-los danos causados en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas nos seus ámbitos de competencia.

### Artigo 3. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica correspondente ó exercicio 2001 que afecten a explotacións agrarias situadas nos municipios que determine a orde que haxa que dictar en desenvolvemento do artigo 1, nas que se producisen considerables estragos en colleitas, gando ou bens, que constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Igualmente, e para o mesmo exercicio económico, concédese exención das cotas do imposto sobre bens

inmóbles de natureza urbana que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das choivas e asolagamentos acaecidos durante os meses de febreiro e marzo de 2001, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

3. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas para o exercicio 2001, ás industrias, establecementos mercantís e profesionais con locais de negocios ou bens afectados a esa actividade que fosen danados como consecuencia directa dos mencionados episodios de choivas e asolagamentos, sempre que se acredite que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche da actividade. A indicada redución será proporcional ó prazo de tempo no que a actividade non se puidese desempeñar en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio dela, que producirá os seus efectos desde o día 31 de decembro de 2000.

4. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores, comprenderán tamén a das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

5. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal, poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

6. A diminución de ingresos que as normas deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais, será compensada mediante a imputación específica do seu importe con cargo ós recursos derivados do artigo 73 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.

#### Artigo 4. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nos termos municipais e núcleos de poboación que determine a orde a dictar en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e consonte as previsións contidas no artigo 35, punto 4.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o ministro de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución, para o ano 2001, dos índices de rendemento neto ós que se refire a orde do 29 de novembro de 2000, pola que se desenvolve para o ano 2001 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido.

#### Artigo 5. *Medidas laborais.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polos episodios de choiva e asolagamentos, ós que se fai mención no artigo 1, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A autoridade laboral poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do citado período como efectivamente cotizado polo tra-

ballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, en función de circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nos temporais adversos, non se compute para efectos de consumi-los períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que perciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha bonificación do 50 por 100 das cotizacións á Seguridade Social correspondentes ós meses de febreiro e marzo de 2001, ambos inclusive, e unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións, incluídas, se é o caso, as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as de incapacidade temporal, correspondentes ós meses de febreiro a xullo de 2001, ambos inclusive, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, concédese unha bonificación do 50 por 100 das xornadas reais correspondentes ós meses de febreiro e marzo de 2001, así como unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotas empresariais do réxime especial agrario da Seguridade Social, correspondentes ós meses de febreiro a xullo de 2001, ambos inclusive, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

As solicitudes de bonificación e moratoria de cotas a que se refiren os parágrafos anteriores deste punto, deberán presentarse dentro dos tres meses seguintes ó da publicación da orde ministerial que sexa dictada ó respecto polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a execución do establecido no.

3. Para a realización das obras de reparación dos servizos públicos, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo con lo disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

#### Artigo 6. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas, as agrarias de uso común, as hidráulicas, estradas, as afectadas pola servidume de tránsito e calquera outro ben de titularidade estatal que resultase afectado polas choivas e asolagamentos.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 192.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deba ir precedida da formalización da acta de ocupación.

#### Artigo 7. *Axudas de emerxencia.*

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar os danos causados polas choivas e asolagamentos aludidos, rexeranse por lo establecido na Orde do Ministerio do Interior, do 18 de marzo de 1993, parcialmente modificada pola do 30 de xullo de 1996, sobre procedemento de concesión de axudas a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas.

As axudas a familias e unidades de convivencia económica por danos persoais e materiais nas súas vivendas ou enxoval de primeira necesidade, serán compatibles coas que, con igual obxecto e por igual causa, poidan concederse ós beneficiarios polas administracións autonómica ou local con cargo ós seus respectivos orzamentos, ou corresponderan en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

#### Artigo 8. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado para tramitar unha liña de préstamos por importe total de 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121 euros) que poderá ser ampliado polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na comunidade autónoma afectada, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e vehículos industriais e mercantís, explotacións agrarias e gandeiras e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia dos fenómenos atmosféricos mencionados, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, que terán as seguintes características:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, e logo de convenio suscrito para o efecto, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidese subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se establezan por iniciativa da comunidade autónoma respectiva.

b) Prazo: o establecido entre as partes, cun máximo de cinco anos, incluído un de carencia de xuros.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 3 por 100 TAE, cunha marxe máxima de intermediación para elas de 0,75 por 100. Daquela, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,75 por 100 TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, que decidirá sobre a con-

cesión do préstamo, correndo pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos rematará o 31 de decembro de 2001.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo lévaa a cabo o Instituto de Crédito Oficial no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2, parágrafo a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención de recursos e o tempo antes citado do 3 por 100 será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

A aplicación das indemnizacións á cancelación dos créditos referidos terá carácter preferente fronte a outros distintos alternativos delas.

#### Artigo 9. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propo-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 1.3, ata un importe de 500.000.000 de pesetas, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do devandito departamento.

Do mesmo xeito, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control no marco da cooperación do Estado ós investimentos das entidades locais.

#### Disposición adicional primeira. *Competencias da Comunidad Autónoma de Castilla y León.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á dita comunidade autónoma ó abeiro do seu estatuto de autonomía.

#### Disposición adicional segunda. *Límite das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outras administracións, organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondan en virtude de pólizas de seguro.

#### Disposición adicional terceira. *Habilitación de créditos.*

O ministro de Facenda, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, habilitará os créditos necesarios para atender-lo custo das medidas que se recollen no artigo 9 deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**17027** REAL DECRETO 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural. («BOE» 215, do 7-9-2001.)

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece na súa disposición derradeira segunda que o Goberno, no ámbito das súas competencias, aprobará mediante real decreto as normas de desenvolvemento da lei.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios, establece no seu artigo 8 que o Goberno, mediante real decreto, aprobará no prazo de seis meses un sistema económico integrado do sector de gas natural, que inclúa o modelo para o cálculo das tarifas de gas natural e das peaxes e canons aplicables ó uso por terceiros da rede gasista, o sistema para determina-la remuneración que corresponda a cada un dos titulares das instalacións gasistas e o procedemento de reparto dos ingresos totais entre os distintos axentes que actúan no sector gasista.

A regulación obxecto deste real decreto pretende conxugar tres obxectivos da política enerxética e a súa aplicación ó sector do gas natural, que se concretan en garantir un desenvolvemento suficiente das infraestructuras mediante un sistema de retribucións que permita unha adecuada rendibilidade dos investimentos, deseñar un sistema de tarifas, peaxes e canons baseado en custos, co fin de lle imputar a cada consumidor os custos en que incorra o sistema relativos ó seu consumo e por último regula-lo acceso de terceiros á rede, de forma que a súa aplicación sexa obxectiva, transparente e non discriminatoria.

A consecución destes obxectivos permitirá a seguridade de subministración e unha liberalización efectiva no sector, o que conducirá a un servizo ó consumidor final coa máxima calidade e prezos competitivos.

O real decreto regula tódolos aspectos relativos ó acceso de terceiros ás instalacións gasistas, e establece, en primeiro lugar, as instalacións incluídas no réxime de acceso de terceiros e os suxeitos con dereito de acceso. Así mesmo, establece o procedemento que se seguirá para solicitar e contrata-lo acceso a instalacións de terceiros, simplificando o procedemento actual, ó limita-lo número de contratos que deben realizarse. Recolle as posibles causas de denegación do acceso e desenvolve os dereitos e obrigas relativas ó acceso de terceiros dos diferentes suxeitos afectados por el.

Co fin de garanti-lo correcto funcionamento técnico do sistema, desenvólvense as liñas básicas que deben conte-las normas de xestión técnica do sistema, elemento fundamental para o seu bo funcionamento.

No que respecta ó sistema económico integrado do sector, desenvólvese o capítulo VII do título IV da Lei do sector de hidrocarburos, establecendo en primeiro lugar a retribución das actividades reguladas. Configúrase o procedemento de cálculo das retribucións para cada unha das devanditas actividades. A retribución da actividade de regasificación e almacenamento de gas natural licuado establécese a través do cobro das correspondentes peaxes e canons. No caso das instalacións de almacenamento de gas natural e transporte, a retribución calcúlase de forma individual para cada instalación e, para as instalacións de distribución, a retribución calcúlase para o conxunto da actividade de cada empresa distribuidora.

No que respecta ás tarifas, peaxes e canons, establécense os criterios xerais para a súa determinación e estrutura deles. Respecto das peaxes e dos canons actuais cómpre destacar que se estende a peaxe de regasificación á carga de cisternas en plantas de regasificación e se inclúe un novo canon de almacenamento de gas natural licuado (GNL). Tamén se establece unha única peaxe para o transporte e a distribución, en función da presión á que estean conectadas as instalacións do consumidor e do volume anual de gas consumido.

No sistema de tarifas, óptase por un sistema baseado en custos, de acordo co previsto no artigo 8 do Real decreto lei 6/2000, e na súa estrutura mantense un paralelismo coa estrutura de peaxes de transporte e distribución. É dicir, abandónase o sistema de usos e aplícase unha estrutura baseada en niveis de presión e en volume de consumo.

Por último, establécese o procedemento de liquidacións.

Tal e como dispón a disposición derradeira primeira da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, a presente norma ten carácter básico, de acordo co artigo 149.1, 13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup>, da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime enerxético.

De acordo coa disposición adicional undécima, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-lo funcionamento do sistema gasista, no que se refire ó acceso de terceiros ás instalacións, determinando os criterios xerais que deben rexe-lo funcionamento técnico do sistema, a retribución das actividades reguladas, o sistema de tarifas, peaxes e canons, así como o procedemento de liquidacións.

Este real decreto dítase en desenvolvemento do disposto no título IV da Lei 34/1998, do 7 de outubro,